

RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO CONSELLO REITOR DA AGADIC DE ADXUDICACIÓN DAS SUBVENCIONS CONVOCADAS CONVOCADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2021 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIONS A FESTIVAIS DO SECTOR AUDIOVISUAL CELEBRADOS EN GALICIA E SE CONVOCAN PARA O ANO 2022.

Unha vez vistos e tramitados os expedientes de solicitude das subvencións convocadas mediante Resolución do 16 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2022.

Unha vez vista a acta da comisión avaliadora, de data 7 de abril de 2022 así como a proposta de resolución do 21 de abril de 2022 e de conformidade coas bases da convocatoria, o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano competente para a resolución do procedemento de concesión de subvencións, conforme o establecido no Artigo 17 da Resolución do 16 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2022.

RESOLVE

1. Declarar desestimadas as solicitudes que se relacionan por non obter unha puntuación total suficiente que as sitúe como subvencionables, segundo acordo da comisión avaliadora:



EXP.	SOLICITUDE	CERTAME	CRITERIOS												TOTAL
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	
1	Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá	<i>Semana de Cine de Lugo 2022</i>	6,00	4,00	3,00	3,00	1,00	2,00	4,250	3,500	2,938	0,688	3,125	0,00	33,500
3	Concello de Noia	<i>Mostra de Curtametraxes Vila de Noia</i>	6,00	4,00	3,00	3,00	3,00	0,00	3,875	1,875	2,000	0,563	1,875	0,00	29,188
18	Asociación Andaina de Persoas con Necesidades Especiais de Redondela	<i>X Festival Internacional de Curtametraxes e Diversidade Funcional Andaina</i>	2,00	2,75	3,00	2,00	1,00	0,00	4,000	2,375	2,750	1,438	2,125	0,00	23,438
8	Asociación Cultural Audiovisual Vía XIV	<i>Festival Internacional de Curtametraxes de Verín Vía XIV</i>	2,00	2,25	2,00	2,00	3,00	0,00	3,438	1,000	2,813	0,688	3,500	0,00	22,688
16	Cormoran Cinema AC	<i>Cormoran Film Fest</i>	0,00	2,25	3,00	3,00	1,00	0,00	4,813	1,875	3,000	0,688	2,000	0,00	21,625
14	Concello de Outes	<i>Cuarta Mostra Mares da Fin do Mundo</i>	0,00	4,00	0,00	3,00	2,00	0,00	4,000	1,000	1,813	0,500	3,250	0,00	19,563

Critérios de avaliación:

- 1) Antigüidade do festival.
- 2) Obras de produción ou autoría galega presentadas.
- 3) Número de seccións competitivas ofertadas con premio económico.
- 4) Programas complementarios.
- 5) Actividades para a educación audiovisual e novos públicos.
- 6) Porcentaxe de ingresos privados.
- 7) Calidade da programación e repercusión da edición anterior á da convocatoria.
- 8) Asistencia de público e repercusión.
- 9) Calidade e interese dos contidos propostos.
- 10) Plan de comunicación e impactos do festival.
- 11) Coherencia entre o orzamento total e o proxectos.
- 12) Porcentaxe de apoios e patrocinios privados acreditados.



2. Declarar que acaden a condición de subvencionables as seguintes solicitudes por ser as máis valoradas, tendo en conta as cantidades solicitadas e dentro do crédito e os límites establecidos pola convocatoria:

EXP.	SOLICITUDE	CERTAME	CRITERIOS												TOTAL
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	
17	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	XIX Festival de Cans de Curtametraxes 2022	6,00	4,00	3,00	3,00	3,00	6,00	10,813	7,875	7,875	2,375	6,000	7,00	66,938
13	ESE8 Asociación Cultural	XIII Mostra Internacional de Cinema Periférico	4,00	4,00	1,00	3,00	3,00	4,00	13,500	8,125	8,938	3,000	6,250	5,00	63,813
2	Asociación Cultural Enfoques	XVIII Play-Doc, Festival Internacional de Documentais de Tui	6,00	4,00	3,00	3,00	3,00	2,00	14,563	9,000	9,250	3,000	6,500	0,00	63,313
5	Auditorio de Galicia	Festival Internacional de Cinema Curtocircuito 2022	6,00	4,00	3,00	3,00	2,00	0,00	13,125	7,750	9,000	3,000	6,750	0,00	57,625
7	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	15ª Edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu	4,00	4,00	3,00	3,00	3,00	6,00	9,625	6,563	7,063	2,125	4,500	0,00	52,875
6	Patronato do Museo do Pobo Galego	XVII Edición da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do MPG	6,00	4,00	2,00	3,00	3,00	0,00	10,813	5,063	6,875	2,250	5,250	0,00	48,250
11	Matriuska Producciones, S.L.	Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Edición 06	2,00	4,00	1,00	3,00	3,00	0,00	10,875	5,813	7,688	2,375	4,750	0,00	44,500
15	Concello de Carballo	Festival Carballo Interplay 2022	2,00	1,25	3,00	3,00	3,00	0,00	11,313	6,750	6,750	2,625	4,625	0,00	44,313
12	Asociación Galega Audiovisual Inclusiva	VII Festival de Cine Inclusivo de Vigo	2,00	4,00	3,00	3,00	3,00	4,00	7,375	4,125	6,125	1,250	4,500	0,00	42,375
10	Asociación Cultural Abella Producións	Galician Freaky Film Festival 2022. 6ª Edición	2,00	2,50	3,00	3,00	3,00	0,00	8,625	5,188	6,250	2,000	5,625	0,00	41,188
9	Asociación Cultural Albatros	Intersección 2022	0,00	4,00	3,00	3,00	3,00	0,00	7,133	4,188	5,125	1,875	2,375	7,00	40,695

Cráterios de avaliación:

- 1) Antigüidade do festival.
- 2) Obras de produción ou autoría galega presentadas.
- 3) Número de seccións competitivas ofertadas con premio económico.
- 4) Programas complementarios.
- 5) Actividades para a educación audiovisual e novos públicos.
- 6) Porcentaxe de ingresos privados.
- 7) Calidade da programación e repercusión da edición anterior á da convocatoria.
- 8) Asistencia de público e repercusión.
- 9) Calidade e interese dos contidos propostos.
- 10) Plan de comunicación e impactos do festival.
- 11) Coherencia entre o orzamento total e o proxectos.
- 12) Porcentaxe de apoios e patrocinios privados acreditados.



3. Adxudicar a subvención ás solicitudes máis valoradas polos importes que se detallan na táboa, tras efectuar un reparto económico en base ás contías solicitadas e ao crédito dispoñible, e tendo en conta as puntuacións obtidas por cada proxecto, en aplicación das operacións que se detallan a continuación:

- Realización dun primeiro axuste tendo en conta o importe solicitado e os puntos obtidos por cada proxecto con relación á proposta que acadou a valoración máxima, outorgándolle a esta a contía solicitada. Este primeiro axuste dá un resultado de adxudicación provisional por importe de 230.360,30 €.
- Dado que o importe anterior segue a ser maior que o dispoñible, repítese a operación pero esta vez tomando como referencia as contías da primeira adxudicación provisional, resultando unha segunda adxudicación provisional por importe de 193,407,56 €, e unha diferenza de 16.592,44 € con respecto ao orzamento da convocatoria.
- Para adxudicar o orzamento total da convocatoria realízase un incremento lineal sobre as contías de todos os proxectos, exceptuando o máis valorado, por importe da diferenza anterior, resultando unha adxudicación que no caso dun dos proxectos excede a contía solicitada. Axustado este importe individual á contía solicitada, procédese a repartir esta última diferenza entre os demais proxectos, resultando a adxudicación definitiva da táboa.



SOLICITUDE	CERTAME	SOLICITA	PUNTUACIÓN	SUBVENCIÓN
Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	<i>XIX Festival de Cans de Curtametraxes 2022</i>	31.000,00 €	66,938	31.000,00 €
ESE8 Asociación Cultural	<i>XIII Mostra Internacional de Cinema Periférico</i>	40.000,00 €	63,813	40.000,00 €
Asociación Cultural Enfoques	<i>XVIII Play-Doc, Festival Internacional de Documentais de Tui</i>	39.000,00 €	63,313	38.473,22 €
Auditorio de Galicia	<i>Festival Internacional de Cinema Curtocircuito 2022</i>	40.000,00 €	57,625	32.688,64 €
Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	<i>15ª Edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu</i>	25.000,00 €	52,875	17.201,08 €
Patronato do Museo do Pobo Galego	<i>XVII Edición da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do MPG</i>	15.000,00 €	48,250	8.594,11 €
Matriuska Producciones, S.L.	<i>Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Edición 06</i>	18.000,00 €	44,500	8.772,18 €
Concello de Carballo	<i>Festival Carballo Interplay 2022</i>	34.512,73 €	44,313	16.678,11 €
Asociación Galega Audiovisual Inclusiva	<i>VII Festival de Cine Inclusivo de Vigo</i>	7.000,00 €	42,375	3.093,37 €
Asociación Cultural Abella Producións	<i>Galician Freaky Film Festival 2022. 6ª Edición</i>	5.000,00 €	41,188	2.087,45 €
Asociación Cultural Albatros	<i>Intersección 2022</i>	28.000,00 €	40,695	11.411,83 €



4. A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).

- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquelles a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais
Román Rodríguez González

